

2021

# Demandas do Sector



**Foro pola Economía  
Social Galega**

# 1 DEMANDAS DO SECTOR

## 1.1.-VISIBILIZACIÓN DA ECONOMÍA SOCIAL E POTENCIACIÓN DO SEU CARÁCTER REPRESENTATIVO

Cómpre desenvolver os contidos e actuacións estratéxicas que recolle a propia Lei da Economía Social de Galicia. E para facelo deberíase:

- Ampliar a Mesa de Diálogo Social para que ademais da Xunta, organizacións sindicais e Confederación de Empresarios, a economía social participe en condicións de igualdade na concertación social e poida ter unha voz propia e diferenciada nela.
- Incorporar a economía social, de maneira transversal, no deseño das políticas públicas, fomentando estratexias e actuacións que impliquen de forma coherente e coordinada a diferentes Consellerías e departamentos, nomeadamente entre aquelas que ben polo seu carácter sectorial e competencial, ben polas actividades desenvolvidas, afecten a entidades de economía social. Son sectores estratéxicos para a economía social galega: o mundo rural, servizos sociais, medioambiente, educación, mar, cultura, servizos profesionais e servizos á industria.
- Garantir que tanto o IGAPE como o GAIN teñan como destinatarios as empresas de economía social.
- Elaborar unha proposta de información estatística de temas relacionados coa economía social para que sexan observados dende o Instituto Galego de Estatística.
- Neste marco de potenciar e mellorar os instrumentos de representación institucional, o primeiro é impulsar o Consello Galego da Economía Social, que se constitúe no ano 2019 ao abeiro da Lei de Economía Social de Galicia e que aínda non desenvolveu todas as súas potencialidades como espazo de diálogo, coordinación e colaboración entre os axentes da economía social e a propia administración autonómica, nin todas as funcións que o artigo 10 da referida Lei contempla.
- Tamén mención especial merece o Consello Galego de Cooperativas (COGACO), que precisaría dunha importante revitalización que pase por

un plan de actividades propio e a abordaxe dos procesos de liquidación de cooperativas.

- No marco do ensino concertado, onde o cooperativismo de traballo asociado ten xa unha longa traxectoria de éxito, cómpre activar e dinamizar o funcionamento da Mesa Tripartita de Ensino Concertado da Consellería de Educación da Xunta de Galicia.
- Reconfigurar a consideración dos centros especiais de emprego de iniciativa social como entidades da economía social reforzada e diferenciada do resto de CEE.

Plan Operativo 2021- Demandas do sector @for

Plan Operativo 2021- Demandas do sector @for

Plan Operativo 2021- Demandas do sector @foro

Plan Operativo 2021- Demandas do sector @foresgal

## 1.2.-REFORMAS LEXISLATIVAS

Ademais do marco xeral normativo, existen lexislacións parciais que afectan a entidades integrantes da economía social. As nosas propostas serían:

- Modificar a Lei da Economía Social de Galicia, de cara a acoutar como axentes da economía social aos centros especiais de emprego de iniciativa social e emprendemento colectivo, quedando excluídos aqueloutros centros especiais de emprego que non teñan ese carácter.
- É preciso levar a cabo unha profunda e consensuada reforma da Lei de Cooperativas de Galicia transformando a norma nunha ferramenta áxil, flexible e adaptada ás novas realidades sociais e económicas.
- Pendente de publicación a reforma e actualización do decreto 156/2007 que regula o procedemento para a cualificación das Empresas de Inserción co obxecto de adecualo ás medidas da lei 44/2007.  
Adaptación das diferenzas nos procedementos de cualificación das persoas en inserción (documentación esixida, tempo de permanencia) e nos requisitos para a cualificación das Empresas de Inserción e as súas entidades promotoras (computo anual de persoas traballadoras, porcentaxe dos resultados ou excedentes a reinvestir...)
- Impulsar a non suxeición dos programas de axudas e subvencións das Empresas de Inserción a regulamento de *mínimis*.

## 1.3.-MEDIDAS CONCRETAS DE IMPULSO DA ECONOMÍA SOCIAL

### 1.3.1. REDE EUSUMO- POLO DE DESENVOLVEMENTO E INNOVACIÓN PARA A ECONOMÍA SOCIAL.

Trátase de **consolidar a Rede Eusumo** como instrumento central de xestión do ecosistema de emprendemento da economía social galega e de desenvolvemento dos ODS, ao mesmo tempo que dar un salto cualitativo tanto na súa estrutura organizativa, de cara a facilitar unha maior coordinación, orientado a ser un executor das políticas de crecemento sectorial da economía social e un inspirador de políticas de innovación social no sector da economía social.

Concretamente, propomos:

- Dotar de espazos físicos tanto de coworking como para as entidades representativas, conformando un ecosistema de economía social.
- Conformación dun observatorio de economía social, no que cada ano se estuden diferentes ámbitos da economía social.
- Habilitar ou ampliar o portal da Rede Eusumo como un portal e /ou espazo, (similar ao portal EURES: <https://ec.europa.eu/eures/public/es/homepage>) que agrupe e facilite tanto a nivel local, autonómico, nacional, europeo e internacional a aposta pola Economía Social (ES) e no que se recollan distintos aspectos:
  - Ofertas de emprego de E.S, demandantes de emprego...
  - Formación para entidades de E.S
  - Proxectos colaborativos entre entidades de E.S
  - Normativa relativa a E.S

### 1.3.2. FOMENTO DE POLÍTICAS SECTORIAIS DE APOIO Á ECONOMÍA SOCIAL

Establecer políticas activas para estimular o emprego de fórmulas de Economía Social en sectores estratéxicos de acordo aos eixos do plan de recuperación.

Os plans establecidos nas accións poderíanse estimular a través de convocatorias de axudas á transformación, así como a través da contratación

pública responsable e por último, eliminando trabas legislativas que impiden o acceso á economía social ou que a establezan como preferente.

#### **A. Programa de transformación de empresas mercantís ou outras formas xurídicas en empresas de economía social.**

Un dos espazos de intervención claro é no caso das empresas mercantís en que —por motivos de viabilidade económica ou derivados da sucesión da propiedade—, sexa viable mantelas e transformalas en empresas de economía social. É importante destacar que a transformación en Sociedade Laboral é relativamente doada.

Transformación doutras organizacións, cuxa forma xurídica non se adapta ou ten limitacións, en empresas de economía social. Exemplos de sectores poderían ser:

- I. Sociedades civís, tanto no ámbito das confrarías de pescadores como no ámbito das explotacións agrarias.
- II. Asociacións de profesionais, que realizan unha actividade económica de prestación de servizos sociais (Economía dos coidados), como por exemplo: Educación Infantil, Casas do Niño ou Casas do Maior. Estes dispositivos que financia Benestar social para entidades non lucrativas, en moitos casos son asociacións de profesionais. Esta fórmula non é a axeitada e poderíase tratar de influír na Consellería para que sexa viable facelos a través doutras formulas empresariais da economía social.
- III. Asociacións culturais, pois presentan unha problemática similar ás asociacións que prestan servizos sociais. *(fálase delas máis adiante, no punto 6, pero penso que deberían aparecer tamén no apartado de transformación como un exemplo máis, pola súa importancia).*

#### **B. Crecemento da economía social en determinados sectores**

onde se poden aproveitar as súas características singulares ou o tipo de resultados que xera. Os sectores prioritarios serían:

##### **1. Sector da economía dos coidados.**

A necesidade de adaptar instrumentos de conciliación e dos coidados no rural fai que podan xurdir oportunidades para a economía social. En particular, cómpre regularizar o uso da fórmula asociativa sen ánimo de lucro como

vehículo para a xestión deste tipo de dispositivos cando se trate na práctica de asociacións de profesionais. Dende o noso punto de vista si se quere manter o carácter “non lucrativo” poderían ser as cooperativas sen ánimo de lucro a fórmula elixida, convivindo con asociacións que realizan actividade económica, realmente cunha base social.

Neste eido falamos de centros de Educación Infantil, Casas Niño e Casas do Maior.

Un instrumento que merece un tratamento especial é o uso da cooperativa de *cohousing*, como fórmula complementaria ás residencias no rural galego. A extensión desta fórmula por parte de Benestar Social podería ser unha fonte de creación de cooperativas de usuarios.

## **2. Sector da economía circular**

No ámbito do cooperativismo agroalimentario:

- Apoio á difusión do coñecemento de aplicacións, dende as cooperativas agroalimentarias, de solucións aos requisitos medioambientais das persoas socias das mesmas.
- Apoio ao deseño e posta en marcha de solucións de economía circular, bioeconomía, eficiencia enerxética e utilización de enerxías renovables de tipo colectivo ás que poidan adherirse as persoas socias. Desenvolvemento de proxectos de reciclaxe colectivo de residuos das explotacións. Apoio á negociación e xestión da enerxía de xeito colectivo. Apoios ás instalacións cooperativas de enerxías renovables.
- Apoio á promoción de iniciativas e proxectos para a redución de emisións de gases de efecto invernadoiro e amoníaco.
- Apoio a proxectos á implantación de servizos de fertilización de equilibrio eficiente no uso de fertilizantes químicos e a promoción da extensión dos fertilizantes verdes.
- Apoio a proxectos de impulso e implantación do uso e aplicación de fitosanitarios respectuosos co medioambiente.

No ámbito da xestión de residuos:

- Podemos identificar anteprojectos na recollida de aceite: posible ampliación da cadea de valor do proceso de recollida que fai a cooperativas de Mulleres Colleiteiras. Este proxecto podería ter unha escalabilidade a nivel de Galicia.
- Podemos identificar ampliacións da cadea de valor na recollida de roupa. Evolucionando a actividade que realiza a Empresa de Inserción del sector téxtil.
- Podemos identificar ampliacións da cadea de valor dentro do tratamento do plástico.

### **3. Sector da silvicultura**

Para activar este potencial de emprendemento, sería preciso establecer os contratos de xestión previstos na Lei de Montes de Galicia, e que as cooperativas ou outras fórmulas de economía social, poidan ser beneficiarias dos mesmos.

### **4. Sector de cooperativas de plataforma**

Liñas de apoio específicas e acompañamento no desenvolvemento de modelos de negocio de plataforma en Internet: cooperativas nos ámbitos dos servizos ás persoas, no transporte e loxística, *cohousing*, posta en valor de recursos ociosos no ámbito rural, etc.

### **5. Sector cultural**

Existe unha importante regularización das relacións laborais e empresariais por facer. Trátase dun sector onde convive a economía informal e onde se “abusa” do emprego da fórmula asociativa para a realización de actividades empresariais. A modo de exemplo cabe citar: Profesores de bandas de música.

### **6. Sectores TIC e industrial:**

- I. Apoio á modernización industrial, fomentando a colaboración co sector TIC.
- II. Liñas de apoio a proxectos conxuntos do sector TIC e industrial para acceso a novos mercados, consistentes en persoal técnico de apoio para



a elaboración dos proxectos e subvencións que cubran os gastos de creación de entidade conxunta (sexa UTE, AIE ou unha nova empresa)

### **1.3.3. OUTRAS MEDIDAS TRANSVERSAIS DE FOMENTO DA ECONOMÍA SOCIAL**

No eido de proxectos de transformación estrutural do sector da economía social, destacar as seguintes liñas de actuación:

- Dotar con suficiencia o financiamento de programas de formación dual ocupacional para todos os centros especiais de emprego e de iniciativa social e emprendemento colectivo e empresas de inserción para posibilitar así o emprego de colectivos de difícil inserción e sen formación ou experiencia (persoas paradas de longa duración, maiores de 45 anos, mulleres e persoas que viven no rural etc).
- Mellora dos aspectos rexistrals, tanto das cooperativas como das sociedades laborais.
- Incorporación da economía social na oferta curricular no ensino superior. Nese sentido, cómpre promover e apoiar dende a administración autonómica e de acordo coas universidades públicas galegas, a introdución desa oferta nos plans de estudos oficiais e na oferta de posgrao e títulos propios das universidades.
- Adoptar as medidas necesarias para o efectivo control da obriga de cumprir a Lei Xeral de dereitos das persoas con discapacidade e a súa inclusión social no relativo ao cumprimento da cota do 2% para persoas con discapacidade en empresas de máis de 50 persoas traballadoras.
- O aumento da dotación orzamentaria destinada ás entidades representativas da economía social, permitindo así a súa sustentabilidade económica e capacidade de actuación representativa e funcionamento.
- Accións para diminuír a brecha dixital de colectivos en exclusión (acceso a conectividade, a recursos TIC) que permita o acceso a formación

## 1.4.-CONTRATACIÓN PÚBLICA E ECONOMÍA SOCIAL

A Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público supuxo un avance importante respecto da normativa anterior no relativo á introdución de elementos técnicos favorecedores da maior presenza da economía social na contratación pública, pero aínda segue sendo necesario afondar e concretar prácticas no seo das administracións que fagan efectivo o obxectivo e finalidade da Lei definindo no seu artigo 1.3 de facilitar o acceso á contratación pública das empresa de economía social.

Nese sentido, é preciso:

- Aumentar o número e volume económico total dos contratos reservados a empresas de inserción e centros especiais de emprego de iniciativa social, tendente a cumprir coa obrigatoriedade da reserva de contratos nas diferentes Consellerías, acorde coa vontade de camiñar cara unha contratación pública estratéxica máis social e responsable.
- Difundir o modelo de licitación de contratos reservados e fomentalo, non só no ámbito da administración autonómica, senón tamén nas administracións locais e provinciais.
- Garantir un normal funcionamento da Comisión de seguimento da Reserva de Contratos, e establecer nela uns obxectivos cuantitativos plurianuais obrigatorios deste tipo de contratación.
- Desenvolver un plan de formación nas unidades de contratación e ámbitos de intervención para evitar limitacións e trabas adicionais ás licitacións de contratos con reserva, e normalizar así o seu uso.
- Analizar as posibilidades de implementar licitacións de contratos reservados tendo en conta a oferta dispoñible dos centros especiais de emprego de iniciativa social e emprendemento colectivo e as empresas de inserción. Desenvolver tamén, programas de adaptación dos centros especiais de emprego de iniciativa social e emprendemento colectivo e das empresas de inserción a novas actividades con potencialidade de ser incorporadas estratéxicamente á contratación con reserva de mercado.

- Potenciar a actuación de control e seguimento das unidades administrativas contratantes nos documentos con reserva de mercado ás empresas adxudicatarias, a fin de garantir o efectivo cumprimento das cláusulas sociais comprometidas nas súas propostas na licitación.



#EuSonEconomíaSocial  
→ EDUCACIÓN

PROGRAMAS DE FORMACIÓN DUAL OCUPACIONAL PARA OS CENTROS ESPECIAIS DE EMPREGO E DE INICIATIVA SOCIAL E EMPRENDIMENTO COLECTIVO E EMPRESAS DE INSERCIÓN

**MÁIS FINANCIAMENTO**

Plan Operativo 2021- Demandas do sector @foresgal



#EuSonEconomíaSocial  
→ EDUCACIÓN

QUE A ECONOMÍA SOCIAL FIGURE NA OFERTA CURRICULAR

**NO ENSINO SUPERIOR**

Plan Operativo 2021- Demandas do sector @foresgal



#EuSonEconomíaSocial  
→ LABORAL

AUMENTAR NÚMERO E VOLUME ECONÓMICO DOS CONTRATOS RESERVADOS A EI E CEE DE INICIATIVA SOCIAL

**MÁIS CONTRATOS RESERVADOS**

Plan Operativo 2021- Demandas do sector @foresgal



#EuSonEconomíaSocial  
→ TIC

DE COLECTIVOS EN EXCLUSIÓN (ACCESO A CONECTIVIDADE, RECURSOS TIC...)

**NON Á BRECHA DIXITAL**

Plan Operativo 2021- Demandas do sector @foresgal

## 1.5.-PROPOSTAS PARA TRASLADAR A OUTROS ÁMBITOS INSTITUCIONAIS

Alén das propostas recollidas nos puntos anteriores, existen algunhas cuestións que exceden o ámbito autonómico pero sobre as que cómpre ter unha postura activa para a súa toma en consideración e traslado ao correspondente ámbito institucional con competencia para mudalas. En concreto, proponse:

- Unha urxente reforma da Lei 20/1990, de Réxime Fiscal das Cooperativas que quedou verdadeiramente obsoleta; actualmente xera importantes incertezas e inseguridades xurídicas, ademais de ter perdido boa parte do seu efecto de fomento do cooperativismo.
- Actualizar a normativa reguladora das Sociedades Agrarias de Transformación (SAT), que se rexen polo RD 1776/1981 e a Orde de 14/09/1992, de cara a unha mellor e maior concreción en aspectos tales como os trámites para a legalización de libros ou o establecemento da posibilidade-de de exercer actividades diferentes das recollidas no artigo 1º do RD 1776/1981.
- Impulsar a modificación da Lei estatal de economía social de cara a acoutar como axentes da mesma, aos centros especiais de emprego de iniciativa social e emprendemento colectivo, quedando excluídos aqueles centros especiais de emprego que non teñan ese carácter.
- Impulso do necesario desenvolvemento da normativa reguladora das sociedades participadas, figura xa contemplada na Lei 44/2015, de 14 de outubro, de Sociedades Laborais e Participadas, que aínda hoxe non está desenvolvida nin ten regulamentado os seus procedementos de constitución e rexistros.
- Modificación das normas xurídicas de constitución de sociedades laborais do ámbito mercantil, na liña de homologar os procesos e procedementos necesarios para unha máis rápida inscrición destas

sociedades, en termos homologables ás SLNE (Sociedade Limitada Nova Empresa).

- Modificación das normas fiscais que afectan ás sociedades laborais para equipar os beneficios fiscais aos das cooperativas de traballo asociado (exemplo: tipo reducido do Imposto sobre Sociedades)
- Flexibilizar os prazos de descalificación de sociedades polo incumprimento do número mínimo de persoas socias, establecendo unha moratoria debido á crise xerada pola Covid-19 (exemplo: empresa de hostalaría con imposibilidade de ampliar de dúas a tres persoas socias)
- Actualización da Lei 44/2007, do 13 de decembro, para a regulación do réxime das empresas de inserción, de cara a adaptala á nova realidade, permitindo unha maior flexibilidade na actuación destas empresas.
- Modificacións das leis fiscais correspondentes que contemplan a exención ou bonificación do 100 % das empresas de inserción, tanto no Imposto Actividades Económicas como no de Sociedades.
- Fomentar o deseño de accións de interese común para todas ou algunha entidade de economía social que faciliten ou melloren os resultados das entidades integradas na Rede Eusumo, por exemplo: accións de formación, fomento e acompañamento no proceso de internacionalización das entidades de E.S, compras conxuntas, campañas de difusión....
- Impulsar a creación de Empresas de Inserción en todas a comunidades autónomas que aínda non han regulado o sector.
- Impulsar a non suxeición dos programas de axudas e subvencións das Empresas de Inserción a regulamento de mínimos.